

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Acordo Pleno do 04/07/2019 sobre a creación e composición das Comisións Informativas e Xunta de Voceiros

REF.: ARR/MCI/2019

ANUNCIO

ASUNTO: PUBLICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O 4 DE XULLO DE 2019, SOBRE A CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E XUNTA DE VOCEIROS

Téndose adoptado pola sesión extraordinaria do Pleno da Corporación celebrado o 4 de xullo de 2019, acordo relativo ao asunto de referencia, procédese á publicación do mesmo, para xeral coñecemento e efectos oportunos:

“3. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA XUNTA DE VOCEIROS.-

<<...>>

PRIMEIRO.- Creación das comisións informativas, con carácter de Permanentes e coa denominación que se indica, para a preparación e estudo dos asuntos que correspondan ó Pleno da Corporación ou que outros órganos municipais poidan remitirlles para o seu estudo e debate, e que son as seguintes:

- 1.- Comisión Informativa de Asuntos do Pleno
- 2.- Comisión Informativa Especial de Contas que actuará como Comisión Informativa de Asuntos Económicos.
- 3.- Xunta de Voceiros, integrada polos voceiros de todos os grupos políticos municipais e presidida polo Alcalde-Presidente, que funcionará para o debate, informe de asuntos de relevancia municipal e de asuntos que polo seu contido poidan estar incardinados en varias áreas municipais.
- 4.- Comisión de Deslinde, de acordo co establecido no artigo 42 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que indica:

“1.- Para la demarcación, deslinde y amojonamiento de los términos municipales, cada uno de los Ayuntamientos a que afecte la línea divisoria nombrará una Comisión compuesta por el Alcalde y tres Concejales, los cuales, con el Secretario de la Corporación y el perito que designe cada Ayuntamiento, verificarán la operación de que se trate.

2. Únicamente asistirán al acto, por cada municipio, además de los miembros de la citada Comisión, dos personas que por su edad y acreditado juicio puedan justificar el sitio en que estuvieron los mojones o señales divisorias y los propietarios de los terrenos afectados por el deslinde.”

SEGUNDO.- Ditas comisións estarán constituídas por membros de tódolos grupos político integrantes da corporación, proporcionalmente a súa representatividade no concello, conforme o preceptuado na lexislación vixente, e por tanto coa composición que se indica a continuación.

1.- A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e a Comisión Informativa Especial de Contas que actuará como Comisión Informativa de Asuntos Económicos, terán a seguinte composición:

- Seis representantes do Partido Popular de Arteixo.
- Tres representantes do Partido Socialista de Arteixo
- Un representante do Bloque Nacionalista Galego.
- Un representante de Alternativa dos Veciños

2.- A Comisión de Deslinde, que pasará a estar formada polos seguintes membros:

- Alcalde
- Un representante do Partido Socialista de Arteixo
- Un representante do Bloque Nacionalista Galego
- Un representante de Alternativa dos Veciños

3.- Composición da Xunta de Voceiros: formará parte da mesma todos os concelleiros que sexan designados voceiros por cada un dos seus grupos políticos.

CUARTO.- A presidencia de ditas comisións a ostenta o Sr. Alcalde- Presidente, podendo delegala a proposta da propia comisión tras a correspondente elección efectuada no seu seo.

QUINTO.- As sesións destas comisións celebraranse coa antelación necesaria para informar os asuntos que vaian ser tratados polo Pleno Municipal, coa seguinte periodicidade:

- As sesións ordinarias da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebraranse os luns anteriores á data fixada para a sesión ordinaria do pleno á hora que se determine pola Alcaldía

- As sesións ordinarias da Comisión Informativa de Asuntos Económicos celebraranse os luns anteriores á data fixada para a sesión ordinaria do Pleno á hora que se determine pola Alcaldía

- As sesións ordinarias da Xunta de Voceiros celebraranse os mércores da semana anterior ó Pleno á hora que se determine pola Alcaldía

SEXTO.- Publicar o correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncio, na sede electrónica municipal e portal de transparencia, así como no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.”

En Arteixo, 8 de xullo de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

2019/5682